

Salón Teatro

Programación **marzo_2008**



centro
dramático
galego

PeriFeria

VOADORA

Autoría: Marta Freitas, Carlos Santiago, Manuel Cortés e Voadora
Dirección: Montse Triola · Elenco: Marta Pazos, Hugo Torres, José Díaz e Afonso Castro

Sábado 1 de marzo ás 20.30 h e domingo 2 ás 18.00 h
Salón Teatro



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

IGAEM

instituto galego
das artes escénicas
e musicais



SALONTEATRO

*Fálanme, sorrío
E resérvome ou opino
Reconstrúo un eu perfecto
dependendo do contexto
E que atopo cando vexo
o meu reflexo nun espello?
Periferia de min mesmo*

PeriFeria

PeriFeria é a primeira entrega da triloxía escénica “Lugares Comúns”, así como o despegue de Voadora como compañía. As tres partes desta triloxía exploran tres eixes temáticos diferentes -o fracaso, o esquecemento e o paraíso- a través dunha dramaturxia que se apoia na linguaxe do teatro visual, o teatro textual, a música en directo e a *performance*.

Ademais, as tres entregas comparten un mesmo proceso de creación colectiva, baseado no diálogo intercultural entre un grupo de autores (neste primeiro caso, Marta Freitas, Carlos Santiago e Manuel Cortés) e un equipo artístico, cunha mesma liña conceptual e estética.

A montaxe propón unha reflexión sobre o fracaso utilizando como pretexto dramático a festa. Unha festa coas súas dúas caras, que se ocultan e superpoñen continuamente nun xogo divertido para uns e perverso para outros. Non hai alegría sen perigo de dor e na mesma festa onde uns se atopan e se aman outros se separan e sofren.

O fracaso festexado en **PeriFeria** fai que os personaxes se comparen cos grandes fracasados da historia, rían dos mitos, se laien de non conseguir ser o que un día desexaron e crean nos soños que, magníficos en abstracto, fracasan cando se materializan.

En **PeriFeria** móstrase o que está fóra da luz e o que está debaixo do cenital. O espectáculo funciona como unha máquina autónoma e todo é xestionado desde dentro do escenario, á vista. Sobre o escenario o actor, a actriz, o técnico e o produtor do espectáculo interactúan entre eles e co espazo, dando lugar a unha sucesión de imaxes e situacións escénicas onde o tema do fracaso (articulado en relación ao concepto expectativa-éxito) é o eixe central.

Durante os setenta e cinco minutos que dura o espectáculo, **PeriFeria** instala unha atmósfera chea de poesía e decadencia na que os intérpretes oscilan entre unha relación directa co público e unha realidade puramente teatral.

Diálogo multicultural

Tanto a obra como a compañía son o resultado dun proxecto de colaboración entre o Centro Dramático Galego (CDG) (Galiza) e a Associação Cultural e Recreativa de Tondela (ACERT), de Portugal. A unión entre estes países consúmase ademais no cadro artístico e técnico e na autoría dos textos que dan vida a este espectáculo.

Os textos interprétanse na lingua orixinal na que foron escritos (portugués-galego-castelán), feito que dá lugar a unha experiencia babélica.

A creación prodúcese en dúas fases, unha primeira en Santiago de Compostela e outra, que completa o proceso, cunha residencia artística durante un mes no auditorio Novo Ciclo, o espazo escénico que xestiona a ACERT.

PeriFeria estreouse en Portugal no Novo Ciclo ACERT en Tondela o 9 de febreiro de 2008, e estrearse en Santiago de Compostela o vindeiro sábado 1 de marzo ás 20.30 horas e domingo 4 ás 18.00 horas no Salón Teatro.

Voadora

PeriFeria é un proxecto impulsado e xerado pola plataforma de creación **Voadora**. Con sede na cidade de Santiago de Compostela, xorde no verán de 2007 por unha parte, da necesidade de crear un espazo móbil de busca de novos sentidos e linguaxes para a escena e, por outra, da vontade de potenciar a creación artística e o intercambio cultural entre creadores da área lusófona.

Entre os principais obxectivos de Voadora figuran: plantexar o proceso creativo como eixo xerador de novas dramaturxias; profundar no feito performativo en si, o teatro como espazo contaminado no que se confunden realidade e ficción, intérpretes e persoas; provocar o entusiasmo a través do humor, a música en directo e as accións; destacar a importancia do casual, do natural, do momento íntimo, do espontáneo, do insignificante, do desapercibido; plantexar a comunicación co espectador dunha maneira directa facéndoo partícipe total do evento.

A compañía pretende crear en cada proxecto un espazo activo de traballo, onde os artistas poidan crear, investigar, reflexionar, debater e cuestionar sobre temas de carácter universal buscando nexos comúns xeneracionais, estéticos, emocionais e artísticos, avogando por un achegamento “so far so close” entre Galiza e Portugal.

Voadora acolle propostas que utilizan a multidisciplinaridade de linguaxes e conxugan as diferentes sensibilidades da paisaxe escénica actual. O equipo formado por mozos creadores de diferentes disciplinas artísticas traballa na xestión de proxectos escénicos baseados na experimentación, o xogo e a busca de novas linguaxes.

Ficha artística

Autoría	Creación colectiva a partir dos textos de Marta Freitas, Carlos Santiago, Manuel Cortés e Voadora
Dirección e dramaturxia	Montse Triola
Asistencia de dirección	Ilda Teixeira
Intérpretes (por orde alfabética)	Afonso Castro, Jose Díaz, Marta Pazos e Hugo Torres
Espazo Escénico	Marta Pazos
Iluminación	Afonso Castro
Música Orixinal	Hugo Torres e Jose Díaz
Estilismo	Fanybell
Construción do espazo	Jose Perozo, Marta Fernandes e Rui Ribeiro
Confección do vestiario	Mariví e José Rosa
Técnico de gravación de audio	Cajó Viegas
Gravación de vídeo	Zito Marques
Montaxe de vídeo	Gael Herrera
Fotografía	Pixi e Carlos Fernandes
Deseño gráfico	Sara Pazos
Produción	Jose Díaz e Voadora
Duración do espectáculo	75 minutos

Dirección

Montse Triola (Banyoles, Cataluña, 1974)

Directora, actriz e produtora. Licenciada en Arte Dramático polo Institut del Teatre de Barcelona, realizou o Máster en 'Theatre Practice' sobre as teorías visuais e performativas do século XX (Rose Bruford College, Reino Unido). Amplía a súa formación teatral con Christine Adaire, Declan Donnellan, Philippe Gaulier, John Wright. Participa en workshops das compañías Teatro de los Sentidos, Teatre de Complicité, Teatr Piesn Kozla, Odin Teatret e la Fura dels Baus. Así mesmo interésase por outras disciplinas como a Danza Odissi (con Nandini Ghosal), o Butho (con Katsura Kan), o entrenamiento Suzuki (con Ishiro Nakayama da Companyia Suzuki Company Oftoga) ou a acorbacia (Circus Space, Londres).

Canto ao cine, no ano 2001 funda a produtora cinematográfica Andergraun Films xunto con Albert Serra e Bartomeu Casellas, e produce as longametraxes *El cant dels ocells* (2007-2008), *Honor de Cavalleria* (2006, presentada no Festival de Cannes 2006 e que recibe, entre outros, o Premio Fipresci da Crítica Internacional na Viennale 06, o Premio Lancia á Mellor Longametraxe e o Premio á Mellor Interpretación no Festival de Turin 06, o Gran Premio e Premio á Mellor Interpretación no Festival de Belfort 2006 e os Premios Ciudad de Barcelona á Mellor Película en VO Catalana e o Mellor Director Novel) e *Crespià, the Film not the Village* (2002). Como actriz participa nas longametraxes *Fragile*, de Jaume Balagueró e *El Perfume*, de Tom Tykwer.

En teatro dirixe á compañía Belmondo nos espectáculos *Jean Paul* e *LolaMento*. Asemade, fai a axudantía da peza de creación *Miniatures Violentes*, dirixida por Victoria Szpunberg e dirixe *Honney Baby*, de Debora Levy.

Actúa en *Non et Colis* (Cia. Cous Cous Clown); *A-dicció*, escrita e dirixida por Andreu Carandell; a peza de creación *Sesuko*, dirixida por Taro Nakamura; *Machinal*, de Shopie Treadwell, dirixida por Elina Manni; *Indian Song*, de Marguerite Duras, dirixida por Taro Nakamura; *Debris*, unha adaptación de Explosión de la Memoria de Heiner Müller, dirixida por Jason Arkadi; *All men are hells*, unha adaptación de Hanjo de Y. Mishima, dirixida por Maki Ueyama e *Vagines*, de Eve Ensler, dirixida por Xisco Segura e Ginette Muñoz-Rocha, entre outros.

Elenco (por orde alfabética)

Afonso Castro (Monforte, 1972)

Deseña a iluminación dos espectáculos de teatro e danza *Con flores a María*, *Mulleres do porvir*, *Novecento*, *Vento Mareiro*, *N8 ohx*, *Ahora Fobia*, *No intre 1800*, *Figurantes*, *Jean Paul*, *10 Aniversario* *concerto Leilía*, *A Piragua* (CDG-Cándido Pazó), *Mañana voy yo difícil*, *30.000* e *Kamikaze*.

Como técnico de iluminación, operou nas compañías Teatro da Lúa (*A lenta agonía das centolas*, *Con flores a María*), Sergio Zearreta (*Novecento*, 2003), Avelino González (*Vento mareiro*, 2004-2005), Belmondo (*LolaMento*, *Sidecar*, *Jean Paul* 2004-2006), Leilía (*Son de Leilía*, 2004-2007), Teatro de Adro (*García*, *Comida Chinesa*, 2005-2008), Pisando Ovos (*N8 ohx*; *No intre 1800* e *30.000*, 2005-2008) Teatro d2 (*Figurantes*, 2006), Lagarta lagarta (*Carambola*, 2006), Contando hormigas (*Ahora fobia*, *Mañana voy yo difícil* 2005-2006) (Madrid); Pistacatro productora de sonhos (*Kamikaze*, 2007; *Festa do Circo* 2005-2006), Centro Dramático Aragonés (*Misiles melódicos*, 2005) e Centro Coreográfico Galego (*Vacuo*, 2007). Asemade, diseña e realiza as escenografías para *Con flores a María*; *Mulleres do porvir*; *Maxia tramposa* (*Mago Richard*), *Terra buró*, Pistacatro productora de sonhos e *Figurantes*.

Entre 2003 e 2004 foi técnico residente na Sala Galán, así como asistente de iluminación na curtametraxe *Formularios Truculentos*, dirixida por José Díaz para a produtora Gominola de can.

Actualmente é o director técnico da empresa Pistacatro productora de sonhos.

José Díaz (A Coruña, 1976)

Combina o seu oficio de produtor co de guionista e director de curtametraxes. Na produción audiovisual, desde 2001 é o produtor de Tresdeseos Animación, S.L.. Traballa ademais como produtor en cine, publicidade e televisión. É xefe de produción dos videoclips de Fangoria “No sé que me das” e “Eternamente inocente” para Esferobite, cos que gañan multitude de premios, entre eles o MTV Spain ao mellor videoclip do ano.

Como curtametraxista comeza en 2001 co guiión e produción de *Globo* en 35mm. Decide dar o salto á dirección en 2003. Na actualidade conta xa con cinco curtametraxes producidas, escritas, dirixidas e editadas, entre as que destacan *Coco* e *Bobo de paseo pola realidade*, gañadora de varios premios a nivel nacional e adquirida por RTVG para a súa emisión, e o recente *Formularios Truculentos* tamén adquirido por RTVG.

En teatro foi xefe de produción de *Kamikaze* (2007), espectáculo de novo circo de Pistacatro Productora de Soños en coprodución co Centro Dramático Galego, e levou tamén a xefatura de produción do *Festival de Teatro de Rúa de Compostela D'Gorra 06*.

Alterna o seu traballo coa súa afección pola música, que o leva a participar en varios espectáculos en directo como pianista, guitarrista e batería, entre eles as tres últimas edicións da Festa do Circo, organizada anualmente pola Asociación Pistacincinco na Sala Nasa.

Marta Pazos (Pontevedra, 1976)

Licenciada en Belas Artes na Facultade de Barcelona, fórmase en teatro-danza (Jérôme Bel, La Ribot, Mónica Valenciano, Andrés Corchero, Ion Munduate, Blanca Calvo, Olga Mesa e Ana Vallés) e en teatro cómico (Gaulier, Leo Bassi, Jango Edwards, Gutierrez Caba, Eric de Bont, John Wright).

En 1997 presenta o seus primeiros traballos como performer en Barcelona, San Sebastián (Mugatzoan Bi) e en Bologna, Italia. En 1999 regresa a Galiza e funda a compañía Belmondo. Traballa nas compañías Teatro Nacional São João de Oporto, Centro Dramático Galego, Centro Dramático de Aragón- Teatro Español, Matarile, Chévere, Trigo Limpo, Pistacatro e La Fura dels Baus actuando en España, Portugal, Francia, República Checa e Mozambique.

Compaxina a creación escénica como actriz, directora e escenógrafa co traballo audiovisual televisivo e cinematográfico.

Hugo Torres (Viseu, Portugal, 1973)

Actor e compositor, inicia a súa andaina teatral en Trigo Limpo Teatro ACERT, do cal foi membro, participando en varias das súas producións. Estudou o bacharelato en Teatro/Interpretaçãou da ESMAE (Escola Superior de Música e das Artes do espectáculo) na cidade de Porto, e frecuenta o CECC (Centre d'Estudis Cinematogràfics de Catalunya) completando a súa formación artística con Bibi Perestrelo, Kot Kotecki e José Carretas (interpretación), António Tavares e Adriana Candeias (danza), Fran Pérez e Nuno Patrício (música), Miguel Andrade Gomes (esgrima) e Luís Madureira (voz). Participa en espectáculos dirixidos por Jorge Silva Melo, Junior Sampaio, João Brites, José Carretas, Rui Spranger, Nuno Cardoso, Pierre Voltz e Marcos Barbosa.

É co-responsable, xunto con Paulo Oliveira e Miguel Mendes, da dramaturxia e dirección das pezas *Teatro Explicado ao Noctívago* e *Três em Linha*. Baixo a dirección de Ricardo Pais, forma parte do elenco de *Arranha Céus* (1999), *Hamlet* de William Shakespeare (2002), *Um Hamlet a mais*, a partir de W. Shakespeare (2004), *Sondai-me! Sondheim* (2004), *Frei Luís de Sousa* de Almeida Garrett (2006), *D. João* de Molière (2006) e *O Saque* de Joe Orton (2006), todos eles representados no Teatro Nacional São João.

No Teatro Nacional de São João, participa ademais en *Barcas*, dirixido por Giorgio Barberio Corsetti (2000), *Anfitrião ou Júpiter e Alcmene*, dir. Nuno Carinhas (2004), *Woyzeck*, dir. Nuno Cardoso (2005), *Teatro Escasso*, dir. António Durães (2006), e *Beiras [Leituras Encenadas de Três Peças de Gil Vicente]*, dir. Nuno Carinhas (2007).

Finalmente, participa como actor en diversas curtametraxes durante o período de 2003-07 e protagoniza a longametraxe *Poliedro* de Ignacio Nacho.

Como músico integra variadas formacións exercendo de compositor e instrumentista.